



Deputación
DA CORUÑA

Nº 11

06/09/2017

Boletín de Medio Ambiente

Cabo Fisterra

Concello: Fisterra.

Curiosidades: Avanza sobre o mar uns 5 quilómetros en dirección sur, paralelo ao granítico Monte Pindo, formando a ría de Corcubión e Cee. Considérase para moitos peregrinos que realizan o Camiño de Santiago como a verdadeira fin do camiño.

Flora e fauna: A fauna avícola nas costas de Fisterra é unha das máis importantes de Galicia, a maior colonia de corvo mariño cristado atopa o seu hábitat ao longo do tramo de costa e na roca do Centolo. Canto á flora, atópase a típica vexetación de cantil, ademais de *Centaurea corcubionensis*, endémismo do noroeste galego.



Noticias

España, país da UE que máis gasta en iluminación pública por habitante

En 2015 dedicáronse a iluminar municipios ao redor de 987 millóns de euros. Así, España é o maior foco de contaminación lumínica en Europa.

De feito, Madrid é a cidade europea con máis polución deste tipo. Como resposta, o Concello de Madrid substituíu entre o 2014 e o 2015 o 40% das lámpadas de alta presión de sodio dos seus farois por luces LED, de baixo consumo, unha medida coa que tamén buscaba garantir unha maior eficiencia enerxética no municipio.

Fonte: El Correo Gallego

Inditex recicla as súas perchas

Dun tempo para acó, a economía circular converteuse na morfoloxía soñada por calquera empresa e a empresa española Acteco está a conseguir aplicala.

Para *BIC*, a empresa produce 30 toneladas semanais de material para fabricar lapis de plástico flexible combinando envases de iogur con frigoríficos reciclados. Para *Inditex*, xestiona todos os seus residuos a nivel europeo e recicla as perchas que non son reutilizables aditivándolas con poliestileno procedente de envases de Danone. Con este sistema alcanzaron "ata sete ciclos de vida por produto".

Fonte: El Mundo

O Mar Caspio se evapora

A maior conca hídrica do mundo, o Mar Caspio, atópase a só un metro por enriba do seu mínimo histórico. Un grupo de investigadores de Acerbaixán, Estados Unidos, Francia e Rusia, analizaron a auga dos ríos que desembocan no mar, as precipitacións e a evaporación, e descubriron que o nivel de auga do Mar Caspio aumentou en 12 centímetros por ano entre 1979 e 1995, pero a partir do ano 1996 comezou a baixar unha media de 7 centímetros anuais ata o ano 2015.

Ségundo os autores do estudo, publicado na revista Geophysical Research Letters, a evaporación da auga provocada polo quecemento global parece ser a causa principal da actual caída do nivel do mar e esa diminución continuará mentres o planeta se quente. Os científicos alertan de que si a caída anual do nivel do mar de 7 centímetros continúa, en tan só 75 anos a parte norte do Mar Caspio desaparecerá.

Fonte: ABC

Completan a viaxe polo Ártico en tempo record

O barco, creado especialmente para esta viaxe, converteuse no primeiro que consegue facer o traxecto entre Europa e Asia polo Ártico sen axuda dun rompexeos. Transportando gas natural desde Noruega ata Corea do Sur, completou a viaxe en 19 días, un 30% máis rápido que o traxecto que transcorre pola Canle de Suez.

Desde hai décadas cruzar polo Ártico viuse como unha gran alternativa, pero pola dureza do xeo e os elevados custos, xa que ata agora necesitouse a axuda de barcos rompexeos para completar o traxecto, este roteiro non se puido considerar viable. Pero os cambios que sufriu o xeo do Ártico nos últimos anos a causa do cambio climático, permitiron esta viaxe.

Fonte: The New York Times

12.000 toneladas de cascas de laranxa que cambiaron unha paisaxe para sempre

En 1997, 1.000 camións cheos de cascas e pulpa de laranxa chegaron a unha área estéril nun parque nacional de Costa Rica. Os vehículos arroxaron as 12.000 toneladas que transportaban sobre o ermo terreo. 20 anos máis tarde, a zona está cuberta de exuberantes bosques e de densos viñedos.

Os residuos agrícolas non só serviron para rexenerar un bosque senón tamén para secuestrar unha cantidade significativa de carbono sen custo algún.

Fonte: La Vanguardia

Plantan máis de 66 millóns de árbores en 12 horas na India

Durante o Acordo de París de 2015 a India se comprometeu a incrementar os seus bosques en cinco millóns de hectáreas antes do 2030 co obxectivo de combater o cambio climático. O pasado xullo, ao redor de 1,5 millóns de voluntarios plantaron máis de 66 millóns de árbores ao longo do río Narmada, no estado de Madhya Pradesh, no centro da India.

Fonte: National Geographic

Sabías que...

si 2 millóns de persoas reducen un minuto a súa ducha diaria podería aforrarse tanta auga como para encher máis dun millón de piscinas olímpicas? Cambiando ese pequeno xesto poderíase abastecer de auga aos máis de 500 millóns de persoas que non teñen acceso a auga potable.

Impulso á produción ecolóxica en espazos protexidos

A Deputación de Pontevedra anunciou a posta en marcha do programa «DepoVerde», que cunha dotación de 140.000 euros e financiamento europeo impulsará a actividade económica no sector primario en zonas medioambientalmente protexidas.

DepoVerde estruturarase en tres fases. A primeira consistirá en formación teórico-práctica sobre hortofruticultura e apicultura sustentables. Nunha segunda fase, os emprendedores poderán rexistrar os seus produtos nunha “marca de calidade diferenciada, que garanta a súa produción sostible e a súa procedencia dun espazo protexido”. Por último, durante a terceira fase, obterán a certificación de calidade que permitirá comercializar os produtos que se produzan de maneira ecolóxica nos espazos de Rede Natura.

Fonte: La Voz de Galicia

O Concello da Coruña aposta polos hortos urbanos como unha saída laboral

A concellería de Emprego e Economía Social promoverá este curso unha formación específica como persoal técnico especializado en xestión e desenvolvemento de hortos urbanos ecolóxicas. O cal, dotará de ferramentas aos veciños para elaborar, executar ou xestionar proxectos de horticoltura con fins produtivos ou educativos, así como capacitar aos interesados para organizarse, laboralmente, en empresas de economía social.

Fonte: La Voz de Galicia

Boas Prácticas

O Concello de Santiago sinaliza as colonias felinas e dótaas de casetas para a alimentación

A concelleira de Benestar Animal, Noa Morales, deu a coñecer as accións que porá en marcha o Concello en relación ás colonias felinas, “trátase da sinalización destas colonias e da dotación de casetas nas que as persoas voluntarias lle poden subministrar os alimentos precisos aos gatos rueiros”.

Dende o Concello insisten en que “unha atención correcta aos gatos rueiros prevé a aparición doutras pragas ou a propagación de enfermidades noutros animais domésticos”.

Fonte: El Correo Gallego

Axenda Ambiental

- 10/07/2017 – 15/09/2017 Campaña de seguimento de Aves Planadoras da Fundación Migres.
- 09/09/2017 – 15/09/2017 9º Congreso Mundial de Educación Ambiental. Vancouver, Canadá.
- 29/09/2017 Convocatoria 2018 de Premios Red Natura 2000.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal